

ANEXO PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA CURSO 2021/22

Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación para o período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final da ESO

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación que estarán en consonancia co informe de avaliación individualizado que debe realizarse para o alumnado que non acadou os obxectivos mínimos recollidos na programación.

O alumnado que teña algunha ou todas as avaliacións suspensas logo de realizada a terceira avaliación parcial realizará no mes de xuño, antes da avaliación final, un exame que representará o 100% da cualificación de acordo cos criterios de cualificación fixados na programación para a ESO e no que será examinábel a totalidade dos contidos do curso.

O alumnado que queira subir nota deberá realizar un exame que representará o 100% da cualificación de acordo cos criterios de cualificación fixados na programación para a ESO e no que será examinábel a totalidade dos contidos do curso.

Para o alumnado que teña todas as avaliacións aprobadas e non se presente ao exame final para subir nota, a cualificación final será a media das notas das tres avaliacións.

A cualificación definitiva da materia de lingua galega farase efectiva na avaliación final de curso.

Todo o alumnado pode subir nota. Manteranse os procedementos, instrumentos e criterios seguidos ao longo dos tres trimestres/avaliacións anteriores.

Promoción na materia. En calquera caso, para as avaliacións, recuperacións, terceira avaliación e avaliación final de xuño, e logo de aplicar os criterios de cualificación descritos, o grao mínimo acadarse cunha cualificación de 5 sobre 10, de xeito que unha cualificación igual ou superior a 5 considérase aprobado, o que na avaliación final permite a promoción na materia

Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación de 1º de Bacharelato para o período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a conclusión do período lectivo

No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

Convocatoria extraordinaria. Os procedementos, instrumentos e criterios de avaliación son os que xa están establecidos nas PD desde o comezo de curso. Só será avaliado o alumnado que teña suspensa a materia despois da avaliación final. Este alumnado deberá realizar un exame extraordinario no mes de xuño, o cal representará o 100% da cualificación de acordo cos criterios de cualificación fixados na programación para o bacharelato, e no que será examinábel a totalidade dos contidos do curso.

Promoción na materia. En calquera caso, para as avaliacións, recuperacións, avaliación final e convocatoria extraordinaria de xuño, e logo de aplicar os criterios de cualificación descritos, o grao mínimo acadarase cunha cualificación de 5 sobre 10, de xeito que unha cualificación igual ou superior a 5 considérase aprobado, o que nas avaliacións final e extraordinaria permite a promoción na materia

A Estrada, maio de 2022.

Asdo.

Carme Diéguez González